



Concello de Meaño

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 31 DE XANEIRO DE 2020.

<u>ASISTENTES</u>	GRUPO POLÍTICO	
<u>ALCALDE, que preside:</u>		
D. Carlos Vieitez Fernández	PP	No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 31 de xaneiro de 2020, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sras/es concelleiras/os que se relacionan na marxe.
<u>CONCELLEIROS:</u>		
D. Ramón Tilve Castro	PP	A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.
D ^a María Estévez Barbeito	PP	
D. Ángel Currás Pérez	PP	
D ^a M ^a Dolores Balboa Lores	PP	
D. Ramón Alfonso Piñeiro	PP	
D. José Manuel Ásperez Montes	MI	
D ^a Cristina Castro Pintos	MI	
D. M ^a Pilar Prado González	MI	
D. Juan Forte Ásperez	MI	
D. Alberto González Dopazo	MI	
D ^a Ana Belén García Piñeiro	PSdeG-PSOE	Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión. Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.
D. Manuel Radio Oubiña	PSdeG-PSOE	
<u>CONCELLEIROS NON ASISTENTES:</u>		
<u>SECRETARIA:</u>		
D ^a M ^a Teresa Escudero Barral		

O Sr. alcalde-presidente maniféstalles aos membros da Corporación que desde, a cordialidade, o respecto que se merecen as/os veciñas/os, os membros da Corporación e a institución que representan vaise a proceder cos asuntos do orde do día desta convocatoria.


A) Parte resolutiva

1. APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 29/11/2019.-

O Sr. alcalde-presidente preguntalles aos membros da Corporación si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión ordinaria de data 29 de novembro de 2019; non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade dos trece membros.

2. APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO PLAN DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL. (EXP. 1175/2019).-

O Sr. alcalde-presidente da conta someramente do Plan de estabilización de





Concello de Meaño

emprego temporal, sinalando que a Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, prevé un proceso de estabilización do emprego temporal nas Administracións Públicas, que permite a convocatoria, en quenda libre, dun número de prazas superior ao resultante da taxa de reposición de efectivos.

Concretamente, o punto 9 do artigo 19 autoriza *“unha taxa adicional de estabilización de emprego temporal que incluíra as prazas de natureza estrutural que, estando dotadas presupuestariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos no tres anos anteriores a 31 de decembro de 2017 nos seguintes sectores e colectivos: persoal dos servizos de administración e servizos xerais, de investigación, de saúde pública e inspección médica, así como outros servizos públicos. As ofertas de emprego que articulen estes procesos de estabilización deberán aprobarse e publicarse nos respectivos Diarios Oficiais nos exercicios 2018 a 2020”*.

Sinala, ademais esta artigo, que como resultado a taxa de cobertura temporal das prazas incursas en procesos de estabilización deberá situarse ao final do período, en cada ámbito, por baixo do 8 por cento.

Pola súa parte, o punto 2 do artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que os postos de traballo creados en aplicación do previsto neste artigo, que regula o *“Persoal laboral indefinido”*, incluíranse nas correspondentes relacións de posto de traballo, engadindo o apartado 7 do mesmo artigo 19 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 que: *“No computarán dentro del límite máximo de plazas derivado de la tasa de reposición de efectivos las plazas que se convoquen para su provisión mediante procesos de promoción interna y las correspondientes al personal declarado indefinido no fijo mediante sentencia judicial”*.

Á vista de dita normativa e co propósito de rematar no 2020 o proceso de regularización das situacións de temporalidade no emprego, iniciadas no exercicio 2018, e regularizar as situacións derivadas das declaracións xudiciais de indefinidos non fixos e para acadar unha maior estabilidade para a adecuada prestación de servizos de xestión directa considerados esenciais, en termos de calidade e eficiencia, e de dar cumprimento ao mandato contido no artigo 19 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 de acadar unha taxa de cobertura temporal por debaixo do 8% e ao artigo 28.2 da Lei 272015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, propónse o seguinte Plan de estabilización de emprego temporal do Concello de Meaño para o ano 2020, formulado no marco da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, do II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e de condicións de traballo e da declaración xudicial de indefinidos non fixos contida na sentenza ditada pola Maxistrado Xuíz do Xulgado do Social n.º 4 de Pontevedra de diversas relacións laborais; coa creación na plantilla de persoal e na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo e fixo discontinuo do Concello de Meaño dos postos de traballo para estabilización de emprego, que responden a necesidades estruturais e permanentes de servizos que se veñen xestionando directamente desde a súa implantación, ós que figuran adscritos.

Visto o informe-proposta emitido pola secretaria-interventora en relación con este asunto, esta Alcaldía propúxolle á Comisión Especial de Contas, que ditaminara favorablemente o Plan de estabilización proposto e a súa vez lle propoña ao Pleno da





Concello de Meaño

Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado o plan de estabilización de emprego temporal/indefinido non fixo do Concello de Meaño para cubrir necesidades de carácter estrutural e permanente nos distintos servizos, que figuran proposta.

2º.- Crear na plantilla de persoal e relación de postos de traballo do Concello de Meaño, como persoal laboral fixo e fixos discontinuos os seguintes postos para a estabilización de emprego, postos que veñen sendo desempeñados temporalmente desde data anterior a xaneiro de 2015 ou que foron declarados indefinidos non fixos discontinuos mediante sentenza xudicial e que responden a necesidades estruturais e permanentes dos servizos ós que figuran adscritos:

Gr. cotización	Postos de persoal laboral fixo	Nº	SERVIZO	Ocup.	Xornada
7	Auxiliar biblioteca	1	AXENCIA DE LECTURA MUNICIPAL	LT	Parcial

Gr. cotización	Postos de persoal laboral discontinuo	Nº	SERVIZO	Ocup.	Xornada
10	Limpiador/a	6	CEIP/PAVILLÓNS DEPORTIVOS	LT	Parcial
10	Coidadoras	2	PLAN MADRUGA/COMEDOR ESCOLAR	LT	Parcial
3	Mestres Escola de música	13	ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA	LT	Parcial
2	Técnico/a en ximnasia terapéutica	1	CENTRO SOCIAL POLIVALENTE	LT	Parcial
3	Monitor de actividades físico-deportivas	1	ACTIVIDADES	LT	Parcial

TOTAL 24

A Comisión Especial de Contas por catro votos a favor e unha abstención ditaminou favorablemente este asunto e a súa vez propúxolle ao Pleno da Corporación a adopción do acordo sinalado.

Concluindo o Sr. alcalde sinalando que, en resumo, se estabilízan 24 postos de traballo estruturais que se veñen desenvolvendo con anterioridade a xaneiro de 2015, se ven a cumprir o mandato contido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 de que como resultado a taxa de cobertura temporal das prazas incursas en procesos de estabilización deberá situarse ao final do período, en cada ámbito, por baixo do 8 por cento e a partir de aquí o que se pretende e proceder a elaboración e tramitación do relación de postos de traballo.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, o Sr. Radio Oubiña, quen manifesta que o seu grupo se vai abster porque como dixeron en moitas ocasións, creen necesaria a creación da RPT antes de crear e estabilizar máis postos; RTP solicitada por esta agrupación nesta e noutras lexislaturas donde se recolla cada posto de traballo, co seu soldo e coa súas funcións. Deste xeito, garantízase que non se amplíen as funcións do persoal co mesmo soldo, que é algo que leva pasando fai 40 anos.





Concello de Meaño

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal MI, o Sr. Ásperez Montes quen manifesta que para moitas cuestións este Concello vai por diante e neste tema cree que tamén tivemos a oportunidade de ir por diante. Engade que o Grupo Municipal MI desde que acadou representación na Corporación ven propoñendo a estabilización de postos de traballo, algúns cubertos con persoal laboral temporal durante máis de dez anos consecutivos, tiveron que ir moitos traballadores ao xulgado, así parte dos postos que se estabilizaron no 2019, coma o persoal de axuda no fogar, e no 2020, coma os mestres da escola de música, derivan de sentenzas de declaración de indefinidos que hai que aplicar, polo que non pode coincidir co Sr. Radío Oubiña. Considera que hai que ir á RTP na que queden as funcións de cada traballador do Concello claras e delimitadas e engade que xa se contratou unha, elaborada e tirada ao cubo da basura, contratouse outra no ano 2018 que non sabe si se pagou e parece que para marzo haberá outra, pero o asunto polo que vimos pelexando e que nunca se nos dou chance e que agora que a estabilización incluso ven marcada por lei por fin se vai a aplicar, para o seu grupo máis tarde que pronto, pero están de acordo.

Toma a palabra o Sr. alcalde-presidente, quen sinala que con este plan culmínase o proceso de estabilización de emprego temporal previsto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, que na anualidade 2020 afecta a 14 postos, a vez que se regula o persoal laboral indefinido segundo da Lei do emprego público de Galicia que afecta a 10 postos; debendo executalo nun período de tres anos coa convocatoria dos correspondentes procesos selectivos.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria a proposta da Comisión Especial de Contas, o Pleno da Corporación, con dúas abstencións dos membros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e por once votos a favor dos membros do Grupo Municipal do PP e MI, acorda:

1º.- Aprobar o plan de estabilización de emprego temporal/indefinido non fixo do Concello de Meaño para cubrir necesidades de carácter estrutural e permanente nos distintos servizos, que figuran proposta.

2º.- Crear na plantilla de persoal e relacion de postos de traballo do Concello de Meaño, como persoal laboral fixo e fixos discontinuos os seguintes postos para a estabilización de emprego, postos que veñen sendo desempeñados temporalmente desde data anterior a xaneiro de 2015 ou que foron declarados indefinidos non fixos discontinuos mediante sentenza xudicial e que responden a necesidades estruturais e permanentes dos servizos ós que figuran adscritos:

Gr. cotización	Postos de persoal laboral fixo	Nº	SERVIZO	Ocup.	Xornada
7	Auxiliar biblioteca	1	AXENCIA DE LECTURA MUNICIPAL	LT	Parcial





Concello de Meaño

Gr. cotización	Postos de persoal laboral discontinuo	Nº	SERVIZO	Ocup.	Xornada
10	Limpiador/a	6	CEIP/PAVILLÓNS DEPORTIVOS	LT	Parcial
10	Coidadoras	2	PLAN MADRUGA/COMEDOR ESCOLAR	LT	Parcial
3	Mestres Escola de música	13	ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA	LT	Parcial
2	Tecnico/a en ximnasia terapeutica	1	CENTRO SOCIAL POLIVALENTE	LT	Parcial
3	Monitor de actividades físico-deportivas	1	ACTIVIDADES	LT	Parcial
TOTAL		24			

3. APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2020. (EXP. 1139/2019).-

O Sr. alcalde-presidente da conta someramente do Orzamento Municipal 2020, sinalando que e elaborado o Orzamento para o exercicio económico 2020, atopándose nivelado tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos e estimándose, en principio, suficientemente dotadas as aplicacións para atende-las obrigas esixibles; e acompañando ó mesmo a documentación que preceptúa o artigo 165 e 168 do R.D. Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cós artigos 18 e 19 do R.D. 500/1990, do 20 de abril e ao que se unen como anexos os previstos no artigo 166 do devandito R.D.Lvo. e nos artigos 12 ó 15 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, o Anexos de persoal e Cargos Electivos, as Bases de Execución do Presuposto, nas que se conteñen as disposicións necesarias para a xestión do orzamento, o Cadro de Investimentos, o estado de previsión de movemento e situación da débeda, liquidación do orzamento do exercicio anterior, avance do corrente, informe económico-financieiro, informe de intervención e informe sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria e límite da débeda; esta Alcaldía propúxolle á Comisión Especial de Contas que ditaminara favorablemente o proxecto de Orzamento Municipal para o exercicio económico 2020 e a súa vez lle propuxera ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- *Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2020 pola contía, tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos de 4.119.394,76 €*

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.606.227,00	1	Impostos directos	1.390.500,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.465.000,00	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	641.813,00
4	Transferencias correntes	192.320,00	4	Transferencias correntes	1.574.957,00
6	Investimentos reais	836.847,76	5	Ingresos patrimoniais	6.500,00
7	Transferencias de capital	19.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	475.623,76
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
			9	Pasivos financeiros	0,00





Concello de Meaño

	TOTAL	4.119.394,76		TOTAL	4.119.394,76
--	--------------	--------------	--	--------------	--------------

2º Aproba-las Bases de Execución do Orzamento tal e como figuran redactadas, coas delegacións contidas nas mesmas.

3º Formar e aproba-los Anexos ou plantilla de Persoal (Denominados Relación-Catálogo de Postos de Traballo e o Cadro de Persoal) para o exercicio 2020, de acordo co disposto no artigo 90.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, coa reposición e creación da seguinte prazas e postos de traballo:

* En relación coa Plantilla do persoal funcionario:

- Reposición da praza de auxiliar administrativo que quedou vacante polo falecemento da súa titular.

* En relación coa Plantilla do persoal laboral fixo:

- Estabilización de emprego temporal, incorporando a creación de postos de persoal laboral fixo e fixo discontinuo a tempo parcial, derivado do Plan de estabilización aprobado para o exercicio 2020:

* **Ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, de:**

* Auxiliar de biblioteca: N.º de postos: 1

* Técnico/a en ximnasia terapéutica: N.º de postos: 1

* Monitor/a actividades físico-deportivas: N.º de postos: 1

* Limpadoras/es CEIP e edificios municipais: N.º postos: 6

* Coidadoras Plan madrugada e comedor escolar: N.º de postos: 2

* Mestres da escola municipal de música de Meaño: N.º de postos: 3

* **Derivados da Sentenza n.º 294/2019 ditada pola Maxistrada Xuíza do Xulgado do Social n.º 4 de Pontevedra, de:**

* Mestres da escola municipal de música de Meaño: N.º de postos: 10

Quedando integrada por:

- Doce prazas de funcionarios de carreira.

- Dúas praza de funcionario carreira de auxiliar administrativo a extinguir, extingúndose no intre de que as titulares supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral.

- 59 postos de traballo de persoal laboral fixo, dos cales 23 con carácter discontinuo.

- Postos de traballo de persoal laboral temporal, para cubrir a prestación directa dos distintos servizos, vinculados a competencias propias, competencias distintas das propias que se veñen prestando con anterioridade a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, pero que se consideran esenciais, inaprazables e imprescindibles, ao abeiro dos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da Disposición Adicional decimoquinta e Disposición Transitoria segunda, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, artigo 3.3 e Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.

Co complemento de destino (nivel) asignado a cada unha das prazas de funcionarios, que no experimentan variación con respecto as vixentes no exercicio 2019.

Coa adscrición do persoal declarado indefinido non fixo por sentenza, ata a cobertura dos postos con carácter laboral fixo, aos postos de traballo vacantes de persoal laboral fixo na categoría para a que foron contratados.

O cadro de persoal da escola municipal de música de Meaño abranguerá as seguintes materias: **Bombardino, tuba, inicio linguaxe musical, linguaxe musical, clases grupais, trombón, música en**





Concello de Meaño

movemento, guitarra, flauta, coro, piano, trompeta, clarinete, fagot, oboe, chelo, trompa, sasofón e percusión.

Dado que a resolución destes procedementos de estabilización de emprego non pode derivarse incremento de gasto, as imparticións destas materias e por ende as xornadas de traballo estarán determinadas pola:

- Disponibilidade de crédito na aplicación orzamentaria de retribucións de mestres de escola de música.

- A demanda do servizo.

Este mesmo criterio será de aplicación aos restantes postos de persoal laboral fixo discontinuo cuxos servizos estén suxeitos a demanda.

4º En relación á prestación económica na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo do Concello de Meaño, aboar o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de disfrute da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, acade o 100% das retribucións ordinarias do mes do inicio da incapacidade temporal.

5º Aproba-los Cadros de Retribucións do persoal funcionario e do persoal laboral, coas características que figuran nas bases de aplicación de retribucións, coa adecuación retributiva, con carácter singular e excepcional, para o posto de persoal laboral fixo nº 13 de operario, con funcións de mantemento do CEIP Coirón-Dena e de encargado do pavillón de Dena, homologando as retribucións ás dos restantes encargados e a incorporación aos conceptos retributivos dos postos de coidadoras de axuda a domicilio dun novo concepto retributivo denominado “Complemento de distancia”; tendo en conta que a aplicación dos incrementos retributivos previstos neste Orzamento, segundo o acordo Primeiro do II Acordo para a mellora do emprego Público e de condicións de traballo, publicado mediante Resolución do 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública para o ano 2020 queda condicionada á Lei de Orzamentos Xerais do Estado 2020 ou ao desenvolvemento normativo que se dite para a aplicación do mesmo. Así mesmo serán de aplicación as instrucións que sobre xornada e horario de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado se diten pola Secretaria de Estado de Función Pública.

6º Aprobar, ó abeiro do artigo 75.1.2 e 5 e 75 bis.1 e ter.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, como cargos a desempeñar con dedicación e retribucións:

- As retribucións da Alcaldía, dedicación exclusiva 100% da xornada, para o exercicio 2020 ascenden a 38.000,00 €, que se distribuirá en doce mensualidades iguais.
- As retribucións da Concelleira de educación, cultura, deporte, ocupación do tempo libre, infancia e xuventude, turismo e comercio, dedicación parcial 10 horas semanais, para o exercicio 2020 ascenden a 5.000,00 €, que se distribuirá en doce mensualidades iguais.

7º Aprobar para o exercicio económico 2020, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a asignación de dotación económica aos Grupos Políticos, que queda fixada nunha contía total de 5.120,00 €, con cargo á aplicación presupostaria 912.48000

Esta asignación distribúese en función dun compoñente fixo, idéntico para cada grupo, que ascende a 320,00€/grupo/ano, e outro variable a razón de 320,00 €/concelleiro/ano, en función do número de membros de cada un deles, quedando asignado para o período xaneiro-maio como sigue:

Grupo político	Nº Concelleiros	Parte fixa €	Parte variable €	Total asignación económica €
PP	6	320,00	1.920,00	2.240,00
PSdeG-PSOE	2	320,00	640,00	960,00
MI	5	320,00	1.600,00	1.920,00





Concello de Meaño

5.120,00

Esta asignación económica non poderá destinarse o pago de remuneración de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

8º Establécense, ao abeiro dos artigos 22 e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, artigo 9 da Lei Xeral de Subvencións e 65 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, as seguintes subvencións nominativas:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
334.480.01	Banda Unión musical de Meaño	Dirección e conxunto musical	12.000,00 €
341.48.01	Unión Dena CF	Escola deportiva de fútbol	9.500,00 €
341.480.02	Asoc. Deport. Cult. ASMUBAL	Escola deportiva de balonmán	6.500,00 €

O convenio será o instrumento para canalizar estas subvencións.

9º Dáse conta da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite da débeda con motivo da aprobación do Orzamento Municipal 2019, no que se conclúe que cumpre o obxectivo de estabilidade presupuestaria entendido coma a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no SEC 95 e cumpre o límite da da débeda ao no contar con débeda.

10º Que se expoña ó público o expediente do Orzamento con toda a documentación que o integra, por un prazo de quince días hábiles, mediante edictos publicados no BOP, no taboleiro de anuncios e páxina Web do Concello de Meaño para os efectos de exame e presentación de reclamacións, enténdéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, de non formularse reclamacións contra o mesmo; remitíndose posteriormente copias ao Ministerio correspondente e a Vicepresidencia, Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coa publicación final do edicto do Orzamento, resumido por capítulos, co cadro de persoal aprobado e cargos con dedicación, segundo se establece na lexislación vixente.

A Comisión Especial de Contas por dous votos a favor e tres abstencións ditaminou favorablemente o proxecto de Orzamento Municipal 2020 e a súa vez propúxolle ao Pleno da Corporación a adopción do acordo sinalado coa corrección recollida da axuda ao Unión Dena e Asociación Cultural e Deportiva ASMUBAL.

Engadindo o Sr. alcalde que no estado de gastos, no capítulo de gastos de persoal, respecto do exercicio 2019, contéplase reposición da praza de auxiliar administrativo que quedou vacante polo falecemento da súa titular, a estabilización de emprego temporal, mediante un plan de estabilización para o exercicio 2020, coa creación de 24 postos de persoal laboral fixo e fixo discontinuo a tempo parcial, o incrementos retributivos segundo o acordo Primeiro do II Acordo para a mellora do emprego Público e de condicións de traballo, que prevé un incremento fixo será dun 2 % e un incremento variable do 1% para un crecemento do PIB igual ou superior ao 2,5 %, o incremento disminuirá proporcionalmente en función da redución do crecemento que se teña producido sobre o 2,5%, téñense en conta o cumprimento de trienios, efectúanse a adecuacións retributivas do posto de traballo dun operario que tamén está a desenvolver labores de encargado do pavillón de Dena, homologando as retribucións ás dos restantes encargados e os conceptos retributivos dos postos de coidadoras de





Concello de Meaño

axuda a domicilio incluíran un novo concepto retributivo denominado “Complemento de distancia” polo que o Concello se fara cargo dos gastos de desplazamento deste presoal mediante o aboamento de 0,19 € por km por desprazamento en vehículo propio. En definitiva, o Capítulo I é o capítulo con maior peso no Orzamento municipal motivado en que os servizos municipais son prestados mediante xestión directa.

En canto ao capítulo II de gastos de bens correntes e servizos, este capítulo comprende os gastos para atender as necesidades por gastos correntes dos distintos servizos municipais. O máis subliñable é o incremento do 2020 no servizo de axuda no fogar, derivado da incorporación pola Xunta de Valoración da Consellería de Política Social, de usuarios ao servizo de axuda no fogar, na modalidade de dependencia.

Nesta anualidade tamén se inclúen novas aplicacións, derivadas da incorporación de novas actuacións, ou porque en exercicios anteriores foron asumidas con cargo á correspondente vinculación xurídica, sendo as máis significativas as previstas para facer fronte ao gasto en concepto de taxas que polo concepto do servizo de protección civil liquide o Concello de Ribadumia nas intervención que desenvolva no Concello de Meaño, celebración da cena conmemorativa do día da muller traballadora e da comida do programa nadal entre amigos, combustible para o novo sistema de aire acondicionado no pavillón de Dena, festa do viño, que por primeira vez ten previsto organizar o Concello e para facer fronte ao gasto en concepto de servizo de control horario esixido pola lexislación vixente.

No capítulo III de gastos financeiros e IX de pasivos financeiros non se prevén novos préstamos nin hai pendente de amortizar.

No capítulo IV, prevese a concesión axudas para as distintas actividades que organizan as asociacións e entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, que no exercicio 2020, experimentarán un lixeiro incremento e introdúcese a concesión de axudas dirixidas a estudantes de ensinanzas superiores de familias con dificultades socioeconómicas empadroados no termo municipal de Meaño e co ánimo de fomentar o asociacionismo no eido do comercio axudas dirixidas á asociación de comerciantes. Neste capítulo tamén se contemplan as transferencias á Mancomunidade do Salnés, polos servizos que ven prestando neste Concello, GDR, Ruta do viño e a Fundación Ruta Xacobeá, Mar de Arousa e Ulla e Concello de Meis, convenio BTP. Tamén se inclúen os créditos para as dotacións económicas ós grupos políticos, que se manteñen na mesma contía dos exercicios anteriores.

No capítulo VI, recóllese a cuantificación do Plan de Inversións no que se contempla a travesía Iglesia – Lores cunha aportación neste ano de 20.000 €, un equipo de limpeza de alta presión sería 11.501,05, saneamento de diferentes zonas unha partida de 20.000, abastecemento de auga de Pazos que intentamos conectar ahí o trozo que queda en Simes, para o que se solicitará unha subvención e a aportación sería sobre 10.000 €, o parque de Barreiro en Xil para o que se solicitará unha subvención e a aportación sería sobre 20.000,00 €, honorarios e dirección técnicas 15.000,00 €, un vehículo para servizos municipais 10.000 €, mellora nas instalacións da escola infantil 3.000,00 €, adquisición de terreos para auditorio, cunha partida inicial de 70.000,00 €, acondicionamento do baixo do palco da música donde ensaia agora a Banda, unha partida de 25.000 € para acondicionar de inmediato ese local. Equipamento deportivo 5.000,00 €, mellora de instalacións deportivas 10.000,00 €, ampliación do camiño en





Concello de Meaño

Abuín 243.842,59€. Outro sería pavimentación e ampliación camiño rural de Vilaxuega con 157.011,38 € que conecta Vilaxuega con Ganón, xa que o vial é moi estreito e o autobús pasa con moita dificultade. As melloras que se contemplan destes viais son moi demandados polos veciños. Tamén se contempla a achega municipal ó plan de mellora de camiños municipais 2019-2020, anualidade 2019 e 2020-2012, anualidade 2020 e iniciar os trámites e a execución do camiño de Pedreira-O Barreiro-Picón, o equipamento informático e audiovisual para a aplicaición práctica da modificación do Regulamento Orgánico en tramitación e a adquisición de terreo en Xil. Polo que cos investimentos propostos e a execución da mellora e pavimentación dos viais de acceso á Igrexa de Simes, que deberá estar executada antes do 31 de decembro de 2020, o aparcamento de Coirón, que está pendente de adxudicar ata que se aprobe a liquidación e se incorpore o remanente de crédito do Orzamento 2019 e o convenio solicitado a Deputación Provincial para a mellora da EP Cobas-Padrenda, quedarían definidos os investimentos do 2020.

No capítulo VII contémplanse as subvencións para obras de investimentos enfocadas para mellora de cemiterios parroquiais, emerxencia social, infraestruturas deportivas, recursos hidráulicos e mellora viaría a explotacións agrarias.

En canto aos ingresos, contémplanse os impostos directos, como IBI rústica e urbana, vehículos, IAE e outros; os impostos indirectos coma o imposto de construcións, instalación e obras; as taxa e prezos públicos, as transferencias correntes que proveñen doutras administracións públicas, coma a participación en tributos do estado, transferencias correntes Xunta de Galicia de diversas consellerías e tamén da Diputación Provincial e por último as transferencias de capital no capítulo VII que recolle o importe que lle corresponde ao Concello de Meaño para a liña de investimentos.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, o Sr. Radío Oubiña, quen manifesta que, parece que se están a ter en conta as súas peticións, non como en anos anteriores, cando había maioría absoluta a oposición non contaba para o grupo de goberno e non había diálogo.

Engadindo que, estes presupostos presentan algunhas das medidas que levaban solicitando, como é o caso da carretera de Abuín, na que ten tramos nos que non caben dous vehículos á par. Ademais, pasa o transporte escolar e pola que circulan os vehículos que van de Dena hacia a vía rápida e á inversa, soporta o tránsito de camións, etc.

Tamén a travesía de Lores que levan apoiando desde que se levou a sesión plenaria o expediente.

A obra do Barreiro en Xil que tantas veces puxeron de manifesto nos plenos da anterior lexislatura ou as obras nos camiños, que tan necesarias son.

Non obstante, aquí hai unha partida sobre o auditorio. Nunca faláron dun auditorio como tal senón unha casa das artes, na que se inclúan locais para as asociacións, unha biblioteca non unha axencia de lectura, cun horario amplo e unhas instalacións adecuadas (non deixemos que un contrato laboral condicione un servizo municipal) para que as persoas non teñan que desprazarse a Sanxenxo, Cambados ou, no peor dos casos,





Concello de Meaño

Pontevedra. Pedimos, polo tanto, que, de chegar a plantearse algo, a idea sexa máis achegada ao que acabamos de describir, de maneira que se melloren os servizos que se están dando nas casas de cultura.

Parécelles adecuado unha partida (2310.227.06) sobre a “promoción de igualdade e violencia de xénero”, xa que a primeira administración que pode facer máis polas/os veciñas/os é a municipal, que está máis cerca delas/es. Aínda así, non é moita cuantía, pero parécelles ben, como punto de partida.

Tamén se atenderon as peticións como a das axudas económicas para alumnos de ensinanzas superiores. Aproveitando isto, para cando unha ordenanza municipal sobre a natalidade?

Todo isto, a simple vista, parece aceptable, pero quédanlles algunhas cuestións pendentes de aclarar:

En que vai consistir a festa do viño á cal se lle destina unha partida de 20.000 euros?

A partida (432.226.99) sobre a “promoción turística”, cunha dotación de 4.000 euros, para que se vai a usar? Recordanlle ao grupo de goberno que na anterior legislatura o grupo do PsdeG-PSOE presentou unha moción para elaborar un plan turístico e o grupo de goberno daquel momento, do cal formaban parte algún membro do actual equipo, dixo que ía pedirlo á Mancomunidade, xa que se lle estaban pagar en torno a 5,000 euros anuais.

Na partida (920.62600) “equipamento informático e audiovisual”, inclúese a tecnoloxía necesaria para comezar a grabar os plenos?

Entenden que estes son os primeiros presupostos do actual equipo de goberno, que chegan poucos meses despois de facerse cargo da alcaldía e que foron meses onde a casuística municipal cambiou moito, respecto aos últimos 40 anos no termo municipal meañés ao gobernar en minoría. E precisamente por haber un goberno en minoría a agrupación socialista de Meaño non quere bloquear o bo facer do Concello de Meaño pero tamén apuntan que estes presupostos son moi mellorables, desde seu punto de vista, o da esquerda; para a próxima o grupo de goberno vai ter que esforzarse máis, é dicir, máis diálogo e negociación.

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal MI, o Sr. Ásperez Montes quen manifesta que despois do aplauso ao presuposto do Sr. Radío Oubiña, a este grupo plantéxanlle unhas dúbidas, aínda que nos van a abuchear; sinalando que hai unha partida de 20.000,00 € para a adquisición dun terreo en Xil, ¿donde é? ¿para que é? ¿é para un campo de fútbol como vimos solicitano en reiteradas ocasións?

Contesta o Sr. alcalde que é para a adquisición dos terreos do campo de fútbol de Xil.

Segue a súa intervención o Sr. Ásperez Montes sinalando, a partida de 20.000,00 € para a mellora do parque de Barreiro e outros, segundo pon no presuposto refírese a outros parques como é o de Cobas ¿a que se refire con outros? ¿ten algún proxecto para a mellora do parque do Barreiro?. Hai unha cantidade de 30.000,00 € para a ampliación e pavimentación de camiño rural Pedreira, O Barreiro, Picón ¿refírese ó que falamos no pleno anterior, da pista que lle chamamos da Cacharela?

Contesta o Sr. alcalde que hai elaborado un anteproxecto para a mellora da área





Concello de Meaño

recreativa O Barreiro e cóntase coa autorización de Augas de Galicia e o que se pretende é arranxar aparatos de ximnasia dos maiores, os xogos dos nenos faltan tornillos e a previsión é cambiara dstitución destes xogos, cambiar o tipo de piso e meter un tobogán e recentemente tamén roubaron 26 mts. de malla hai que repoñela, para elo solicitouse un subvención pero outra cousa e que a concedan. En canto ao camiño refírese ao que vai do Polígono A Pedreira, Barreiro e sae en Picón, para o que se contempla crédito por importe de 30.000,00 €, aínda que o custo e maior, preténdese nesta anualidade iniciar os trámites e a execución.

Segue o Sr. Ásperez Montes, sinalando que hai unha partida de mellora de camiños rurais de 39.627,00 € preguntando si está referida a un proxecto concreto, nesas posibilidades contéplase o camiño de Formarís en Paradela ou a de Pazo do Monte, en Padrenda que viñen tamén falando deles de maneira reiterada ou por agora non hai nada concreto?

Contesta o Sr. alcalde que de momento non hai nada concreto.

Sinala o Sr. Ásperez Montes, que volve a haber unha partida de 20.000,00 € para a travesía de Iglesia-Lores, ¿En qué punto se atopa ese proxecto? Entenden que o grupo de goberno se ve con escasas posibilidades de executala ¿ou haberá unha modificación de crédito no intre en que se vaia executar?, cree recordar que este proxecto ascendería a 400.000,00 € aproximadamente e fai un par de meses non se podían mover 200.000,00. ¿En qué punto está este proxecto e cal é a previsión?.

Contéstase que está suxeito a un expediente de expropiación e remitiuse ao Xurado de Expropiación de Galicia.

Pregunta o Sr. Ásperez Montes cal é a idea para esa festa do viño e engade que sinala que non veu as partidas para outros eventos xa consolidados e moi concretos que cree e supón que se seguirán facendo ¿A que se debe que non haixa unha partida para eventos xa como a Carreira Popular por exemplo?

Contesta o Sr. alcalde que se viña celebrando o a festa de viño de autor que organizaba unha asociación de adegueiros e nos últimos anos deixouse de celebrar polo que se pretende recuperar ao entender que pode ser potenciadora dun sector productivo de gran peso neste municipio e do propio municipio. En canto as partidas para eventos coma a carreira popular no está expresamente definida pero recóllese como nas anteriores anulidades nas aplicacións de actividades deportivas.

Sinala o Sr. Ásperez Montes que no pleno pasado propuxeran a adopción por parte da Corporación dun compromiso de destinar unha partida de 200.000,00 € para a mellora ou construción do local e ensaio ou para a adquisición de terreos para a futura construción dun multiusos e que os tacharon de casi intentar quebrar o Concello, coa xustificación de que a secretaria consideraba que non era oportuno, argumentos, ao entender desde este grupo municipal, bastante esaxerados; agora ven que se apartan 70.000,00 € para a adquisición do terreo, preguntando si están localizados os terreos?

Contesta o Sr. alcalde que están en eso, que están considerando diversas ubicacións e a viabilidade das mesmas; apelando a colaboración dos grupos municipais para acadar este obxectivo común.

Sinala o Sr. Ásperez Montes fai referencia á reunión da Mesa Xeral de Negociación e engade que se propón no acordo aboar o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de disfrute da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, acade o 100% das retribucións ordinarias do mes do inicio da incapacidade temporal e pregunta si este dereito non está establecido por lei así coma a incorporación aos conceptos retributivos dos postos de coidadoras de axuda a domicilio o concepto retributivo denominado “Complemento de distancia” a razón de 0,19.

Contesta a Sra. secretaria que está establecido para os funcionarios en virtude da da combinación normativa básica da Lei 7/1985, do 2 de abril (Disposición Final 2ª), da





Concello de Meaño

Lei Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018 e do R.D. 956/2018 polo que se aproba e publica o Acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado o 23 de xullo de 2018; para o persoal laboral, as medidas de acción social deben establecerse vía negociación colectiva polo que se estará o sinalado no artigo 27 e 37 do R.D.Lvo. 5/2015, de 30 de outubro (TRLEBEP) e o artigo 3 do Estatuto dos Traballadores e a Lei de Presupostos Xerais de Estado (Disposición Transitoria 7ª), polo que para establecerse este complemento deberá adoptarse un acordo expreso por parte do Concello previa negociación cos sindicatos na Mesa Xeral de Negociación, polo que para dar maior seguridade e despois de ser considerado pola Mesa Xeral de Negociación recóllese expresamente para os empregados públicos, que abrangue ao persoal funcionario e laboral. En canto ao complemento de distancia o que está establecido é o valor/km.

Segue a súa intervención o Sr. Ásperez Montes sinalando, que por fin se lle van a recoñecer os seus dereitos que veñen establecidos por lei; tamén se falou do control horario e engade que de rebote esperan que poida significar o reforzamento, porque non só se necesita de unha das secretarias das máis traballadoras da comarca senón que se necesita eficacia, aquí non van criticar a un funcionario porque neste día se lle pasaron as resolucións porque seguro que non tiveron tempo antes.

Replica a Sra. secretaria que á relación das resolucións adoptadas neste período se lles dou acceso en tempo e forma, que é o que se ven dando acceso habitualmente, en canto ao acceso ao contido das resolucións cree que xa lle explicou o motivo do retraso.

Insiste o Sr. Ásperez Montes que o que necesitan e eficacia e engade que este é un dos poucos Concellos donde hai que traballar as seis, as sete ... da tarde.

Volve a replicar a Sra. secretaria e pregunta si non é eficaz que é o que parece que quere sinalar; interven o Sr. Ásperez Montes sinalando que o control horario tamén vai limitar as horas extras ao que contesta a Sra. secretaria que non cobra horas extras e que lle iría xenial marchar as tres da tarde para a súa casa sin pensar no que queda pendente por facer ao que o Sr. Ásperez Montes reitera en que se busque eficacia e ao que a Sra. secretaria contesta que se dote máis persoal porque para sacar os asuntos que lle afectan ao Concello adiante está asumindo as funcións de súas persoas máis que se necesitarían, correspondéndolle á Corporación acordalo de acorde coa lexislación, a vez que pide disculpas pola intromisión pero non podía deixar de darse por aludida.

Segue a súa intervención o Sr. Ásperez Montes sinalando que unha antiga compañeira de corporación decía e solicitaba que se contara coa oposición para acadar un consenso á hora de elaborar o presuposto, recordando que “os veciños que nos votaron a nos son tan importantes como os que votaron a vostedes e que teñen que gobernar para todos e cada un dos veciños de Meaño, non solo para os seus votantes”, estas eran as palabras de Icíá vocerira do Partido Socialista e nesta elaboración de presupostos pouco se contou con eles.

Segue o Sr. Ásperez Montes sinalando que, hai compromisos que votan de menos e teñen razóns de sobra para votar en contra dos presupostos, fáltanlle inversións concretas e compromisos co Colexio de Dena, co Colexio de As Covas, a falta de creación do posto de conserxe no Colexio de As Covas, a falta de compromiso coas asociacións; entenden que as axudas que se conceden, como tamén decía a anterior voceira do partido socialista, para material escolar son ridículas, para as asociacións, para algunhas delas, destas pequenas asociacións o mesmo; preguntará si ese calendario





Concello de Meaño

que se fai coas fotos das asociacións é para promover as asociacións ou e un acto de partido, de propaganda, preguntarán polo custo porque a algunha asociación se lle nega 100,00 € ou 200,00 €. Que se faga un saúdo de nadal que custo 1.200,00 € cando se pode saúdar a xente na rúa. Falta compromiso co multiusos ou casa das artes, coa Banda e con outras asociacións culturais e musicais do Concello para ter unha sala de ensaio. Segue pensando que van a esquecer dos estudantes que teñen que desprazarse os institutos e se se segue cos mesmos criterios para as axudas que se anuncian cree que se van a seguir esquecendo cousas necesarias. A ampliación e mellora do Centro de Día, son compromisos que votan de menos; así a todo o seu grupo non vai a bombardear a labor de sacar para diante este Presuposto, creen que está escaso e que se debería facer unha aposta decida por ese servizo que cada vez vai a ter máis usuarios. Conclúe o Sr. Ásperez Montes sinalando que, a pesar de todo iso tamén é certo que hai proxectos como a ampliación do vial de Abuín que xa o incluíron no seu programa electoral fai catro anos e tamén se contemplan outras partidas que fan falta, é necesaria a estabilización do emprego para rematar coa temporalidade e a mellora salarial, polo que o voto do seu grupo será a abstención e estarán pendentes de cada unha das medidas que se vaian levando a cabo por parte do equipo de goberno e aquelas cuestións que voten de menos estarán aquí para recordalas.

Rematadas as intervencións e sometida a votación ordinaria a proposta da Comisión Especial de Contas, o Pleno da Corporación, con cinco abstencións dos membros do Grupo Municipal MI e por oito votos a favor dos membros do Grupo Municipal do PP e PSdeG-PSOE, acorda:

1º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2020 pola contía, tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos de 4.119.394,76 €

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
O Pleno queda enterado da relación das resolucións ditadas pola Alcaldía no período comprendido entre o día 29 de novembro de 2019 e o día 30 de xaneiro de 2020.

C) Mocións

7. MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE A ESTRADA DE VILIQUN (DENA).- (EXPEDIENTE 82/2020).

Dada conta someramente desta moción sométese a votación ordinaria a urxencia da mesma, quedando ratificada por unanimidade dos membros da Corporación; dando lectura da mesma o Sr. alcalde:

"O PLENO DO CONCELLO DE MEAÑO

O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través da seu voceiro, Manuel Radío Oubiña, e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN SOBRE A ESTRADA DE VILIQUN (DENA).





Concello de Meaño

A carretera que transcorre desde A Vichona (Sanxenxo) a Dena (Meaño), pasando pola poboación de Viliquín (EP 9207), é unha das vías principais que comunican ambos concellos; sendo dita vía unha arteria que produce un alto nivel de tránsito tanto de vehículos como de peóns, especialmente na temporada estival, onde a poboación se multiplica debido ao incremento do turismo na zona, sendo dita vía unha alternativa para desconxestionar o tráfico que acumula tanto a autovía do Salnés (AG 41) como a carretera (PO 504). Por todo isto, e pola afluencia de tráfico na zona, os peóns que transitan pola carretera de Viliquín (a anteriormente citada EP 9207), ante a ausencia de beirarrúas nesta vía, corren un severo risco de accidente pola falta de protección que sofren, xa que deben circular polo escaso arcén existente, aumentando deste xeito a peligrosidade da vía.

Por tanto, solicitamos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar á Deputación de Pontevedra á construción e instalación de beirarrúas, e todos os medios de prevención de accidentes (sinalización, arcéns, espellos de tráfico, etc) necesarios no vial EP 9207 que conecta os municipios de Meaño e Sanxenxo, ó seu paso pola localidade de Viliquín.

En Meaño, 20 de Xaneiro de 2020 Asdo: Manuel Radío Oubiña. Voceiro do PSdeG-PSOE”

Sinala o Sr. alcalde que, é unha estrada que non ten fácil solución dada a cantidade de casas que existen pegadas á estrada, hai algún tramo como donde está o lavadero que se podería ampliar, polo que como iniciativa o seu grupo está de acordo e vaina apoiar. Engade que tiveron unha reunión con representantes da Deputación na que plantexaron diversas cuestións que lle afectan as dúas administracións, como unha addenda para mellorar e rematar a estrada de Cobas, conectar mediante beirarrúas Coirón co Polígono de A Pedreira.


Cédelle a palabra ao Sr. Ásperez Montes, quen sinala que pola seguridade vial o seu grupo trouxo unha moción ó anterior pleno e cree que esta intervención en Viliquín é necesaria.

Remadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros acorda:

1º. Instar á Deputación de Pontevedra á construción e instalación de beirarrúas, e todos os medios de prevención de accidentes (sinalización, arcéns, espellos de tráfico, etc) necesarios no vial EP 9207 que conecta os municipios de Meaño e Sanxenxo, ó seu paso pola localidade de Viliquín.

2º.- Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Pontevedra.

8. MOCION DO PSdeG-PSOE REFERIDA A APROBACIÓN DO REGULAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE MEAÑO.- (EXPEDIENTE 80/2020).





Concello de Meaño

O Sr. alcalde-presidente maniféstalles aos membros da Corporación que a vista desta moción, esta Alcaldía solicitoulle a secretaria-interventora informe en relación coa mesma, no que conclúe que:

“Primeira.- As entidades locais, como expresión da autonomía garantizada polo artigo 140 da CE, gozan de potestade normativa, é dicir, de capacidade para ditar normas de natureza regulamentaria, recoñecida no art. 4.1.a) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, así como de potestade de autoorganización, polo que poden aprobar Ordenanzas e Regulamentos, entendidas como disposicións de carácter xeral e de rango inferior á lei.

Segunda.- Os artigos 69 a 72 da LRBRL e os artigos 227 a 236 do ROF regulan a información e participación cidadás.

Terceira.- O artigo 70 bis la LRBRL establece que os Concellos haberán de establecer e regular nas normas de carácter orgánico procedementos e órganos axeitados para a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local.

Cuarta.- Con carácter previo e preceptivo á elaboración do proxecto de regulamento de participación cidadá deberá de realizarse una consulta pública na páxina web do Concello para recabar a opinión da cidadanía no tocante:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En consecuencia, para continuar coa tramitación do expediente, debe procederse a dita consulta pública.”

Toma a palabra o Sr. Radío Oubiña, quen solicita que se proceda a dar lectura a devandita moción, dando lectura da mesma o Sr. alcalde:

“O Grupo Municipal Socialista (PsdeG-PSOE) no Concello de Meaño a través do seu voceiro Manuel Radío Oubiña e ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) presenta ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN, referida á aprobación do Regulamento para a Participación Cidadá do Concello de Meaño que se adxunta como ANEXO

No pleno ordinario celebrado o 10 de decembro do 2018, aprobouse, por iniciativa da Agrupación Socialista de Meaño, a creación dun Regulamento para a Participación Cidadá, pero máis dun ano despois, aínda non está redactada.

Para un Concello é primordial ter unha boa relación con todas as asociacións veciñais, entidades deportivas, culturais, sindicais, profesionais ou empresariais, para que estas trasladen as súas iniciativas para mellorar o conxunto do concello.

E é por ese motivo, polo que resulta fundamental unha normativa que regule o recoñecemento expreso da veciñanza e asociacións ante a administración local, sempre con ánimo de crear unha relación totalmente transversal, transparente e construtiva coa sociedade, na que se teña en conta aos veciños e asociacións para a toma de decisións xerais.





Concello de Meaño

Do intento dunha máis áxil resposta do Concello aos problemas cotiás da veciñanza nace a democracia participativa.

De acordo con todo o anterior, sómese á consideración do Pleno da Corporación á aprobación seguinte;

- APROBACIÓN DO REGULAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN CIDADÁ QUE SE ADXUNTA COMO ANEXO

En Meaño, a 20 de xaneiro do 2020 Asdo: Manuel Radío Oubiña Voceiro do PSdeG-PSOE”

Despois da consideración do sinalado no informe da secretaria-interventora e dunha breve deliberación; o Pleno da Corporación, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros acorda que se estude o seu contido, se consensue na xunta de voceiros e se someta a consulta pública na páxina Web do Concello para recabar a opinión da cidadanía, como require a lexislación vixente.

FORA DO ORDE DO DÍA

Ramatado o exame dos asuntos incluídos no orde do día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE manifesta que desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia unha moción referida á defensa da sanidade pública que, como se sabe Galicia está a vivir uns momentos bastante complicados con respecto á sanidade e Meaño vese afectado; por esta situación e sobre todo co do pediatra e polo que o que queremos é que desde aquí se poida instar que se apoie para poder manifestarse a favor, neste caso, da sanidade pública na manifestación cidadá do día 9 de febreiro. Engadindo a Sra. García Piñeiro que 9 de febreiro hai unha manifestación en Santiago para a que piden o apoio do Pleno para acudir a esa manifestación e facilitarlle o transporte ós veciños con un autobús; o que se quere é apoiar e dar visibilidade a esta manifestación e que desde o Concello se facilite un autobús, eso é o que básicamente se pide, o resto do argumentario vai sobre todo o que leva sucedido, sobre pediatra, sobre o médico de Dena e os médicos de Meaño. Algunhas das insuficiencias que pasaron aínda pasaron este mes, na que o centro médico se quedou sen médico.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción, queda ratificada por unanimidade dos membros da Corporación.

O Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE pasa a dar lectura a devandita moción:

“O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Meaño, a través do seu voceiro Manuel Radío Oubiña, e ao abeiro do disposto na normativa aplicable, eleva ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte

MOCIÓN, REFIRIDA Á DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A sanidade pública vive momentos difíciles desde fai anos, con recortes constantes, que danaron e danan a capacidade asistencial do sistema, e que fan necesarios cambios na xestión.





Concello de Meaño

En Galicia, a atención primaria perdeu máis de 1100 profesionais e 180 millóns de euros, segundo se amosa nos propios orzamentos oficiais.

Non se acolleu aos novos profesionais nas listas de emprego, o que provocou unha carencia para facer substitucións e cubrir prazas vacantes.

Nestes anos vivíronse numerosas mobilizacións de profesionais e cidadanía, folgas coma a dos traballadores de ambulancias, servizos de urxencias, PACs, etc.

No noso concello, sufrimos a falta de médicos substitutos, cando enferma ou dispón de vacacións, algún dos tres titulares cos que contamos, chegando a darse o caso de non dispor de ningún médico nos nosos centros de saúde ou dun mesmo médico atender pacientes doutro centro.

Son recurrentes no tempo, os problemas para cubrir a praza de pediatra de Dena e seguimos sen contar cun pediatra que consulte todos os días da semana.

Por outra parte, por todos son coñecidos os plans da Xunta de Galicia, para unificar os servizos, cando menos, de pediatría de distintos concellos, entre os que nos atopamos, nun centro médico fóra do noso término municipal.

Isto obrigaría aos nosos veciños a desprazamentos innecesarios, tendo en conta, ademais, a falta dun servizo de transporte público cun horario amplo e ben comunicado. Esta agrupación de servizos, provocaría que houbera listas de espera máis longas, ao ter que atender a máis pacientes, o que remataría nun peor servizo.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal PSdeG-PSOE proponlle ao Pleno do Concello de Meaño, para o seu debate e adopción, se procede, os seguintes

ACORDOS

1. Apoiar e dar visibilidade á mobilización cidadá convocada para o 9 de febreiro, en Santiago de Compostela, en defensa da sanidade pública, e **comprometer a participación activa** nas actividades adicadas a defender a mellor sanidade pública para Galicia.

2. Aportar, dende o Concello de Meaño, 1 autobús para o transporte da veciñanza, que desexe trasladarse a esa manifestación, facilitando, deste xeito, a mobilidade a que poida ter máis dificultades.

En Meaño, a 31 de xaneiro de 2020. Asdo.: Manuel Radío Oubiña. Voceiro do PSdeG-PSOE.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen sinala que, cree que todos están a favor da sanidade pública e de mellora-la. Engade que o grupo de goberno fixo unhas xestións que cree bastante interesantes, xa que todos coñecen as carencias sufridas no servizo de médico de familia e pediatría, ao que a Xunta alegaba dificultades para dispoñer destes facultativos, sobre todo no período de vacacións. O grupo de goberno realizou as xestións oportunas e estase a recuperar a normalidade no servizo de medicina de familia e de pediatría, non obstante agrádece a recollida de sinaturas levada a cabo polo Grupo Municipal MI, das que se lles dará traslado á Xerencia.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal PsdeG-PSOE, quen sinala que este tema se abordou no Parlamento, o seu grupo político presentou por escrito, estas peticións, do que estaba a pasar aquí, saben das dificultades que hai pero non se pode deixar de facer forza e seguir insistindo. Hai certas necesidades e certos servizos que hai que dalos sí ou sí e hai que loitar polo que se ten, polo que corresponde e polo que pertence.

Toma a palabra o Sr. Asprez Montes, quen sinala que o seu grupo fixo a





Concello de Meaño

recollida de sinaturas e en canto se lles dixo que se había solucionado en certa maneira o problema deixaron de recollelas e creen que o Partido Popular dende a Xunta de Galicia se está equivocando na xestión da sanidade pública é polo tanto apoiarán a manifestación.

Sometida a proposta de acordo contida na moción a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, aproba.

D) Rogos e preguntas

9. ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. alcalde maniféstalles aos membros da Corporación que vai a proceder a dar resposta ás preguntas formuladas polos grupos municipais nos Plenos de setembro e decembro; agradecéndolle, en primeiro termo, ao Grupo Municipal MI o esforzo amosado na recollida de sinaturas dos e das veciños/as deste Concello en contra do peche do centro médico de Dena porque coa colaboración e voa vontade de todos poden conseguirse moitos obxectivos e proxectos que melloren a calidade de vida neste municipio. Desta sinaturas darase traslado a Xerencia para constancia da necesidade deste servizo neste Concello; non obstante sinala que o grupo de goberno, como lle comentou no pasado Pleno, e en contra do que o Grupo Municipal MI sinalou, adoptou diversas medidas para que este servizo se mantivera en Meaño e así foi que desde o 4 de novembro se restableceu.

- Sr. Ásperez Montes

*Na demanda por danos patrimoniais interposta por un veciño de Lores polos danos sufridos nas súas cepas durante a obra da Fonte de A Laxe, hai una sentenza definitiva?

Si, hai unha sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo n.º 1 de Pontevedra de data 04-06-2018, ditado en relación con este asunto e a mesma estima parcialmente a reclamación formulada por D. José Luis Domínguez García e D. Raúl Domínguez Conde do dereito de recibir unha indemnización polo corte dun alambre, que o Concello valoraba en 100 € e desestima a reclamación de indemnización polos restantes danos que os reclamantes valoraron en 9.499,54 €; quedando fixada a indemnización en 1.000,00 € máis o interese.

Canto foi o aboado polos danos, no caso de que fose condenado o Concello?

1000,00 €. Unha vez ditado, con data 02-11-2018, o auto de aclaración de sentenza solicitado polas partes fíxose efectio o día 16-11-2018 no Xulgado do Contencioso-administrativo n.º 1 de Pontevedra,

*Nas resolución da alcaldía pasadas, figuran dos pagos por sancións de verquidos e por importe cada una de 2.500 euros (un total de 5.000). Coñece o motivo exacto? Está subsanado de maneira definitiva para evitar novas sancións?

Ademais hai un pago de outra sanción de 2.000 euros por NON atender un





Concello de Meaño

requerimento. Porqué non se atendeu? Está solucionado o problema referenciado nese expediente ou estamos expostos a maissanciós por non estar arranxado?

Correspóndese cun expediente de verquidos do aliviadoiro da rede de saneamento en Seixiños, nunha inspección de aliviadoiros/augas blancas de data 16/11/2018 (infracción tipificada como leve).

Correspóndese cun expediente de verquidos da rede de saneamento en Morouzos, Seixiños, Ganón aos ríos Rego de Fondón e Rego Cidrón, iniciado no ano 2018 e resolto no ano 2019 (infracción tipificada como leve).

*Vaise facer obra no pavillón de Meaño. Estamos en condicións de garantir a boa funcionalidade ós usuarios (colexio e entidades deportivas), e que ese material non se verá afectado debido a condensación, goteiras existentes e a falta de peche nun dos fondos, ou voltaremos o esperpento do pasado no pavillón de Dena?

De momento executouse a obra de pavimento mediante material multielástico e en canto o tempo o permita procederase ao recercado dos lucernarios, que o co paso do tempo o material de aislamento foise deteriorando co que se espera que queden solicionadas as goteiras. En canto a condensación irase vendo como evoluciona.

*Está recepcionada a obra, e polo tanto, temos fin de obra, do Pavillón de XIL como o que real e legalmente debe ser?

A obra “RECONSTRUCCIÓN DE FACHADA E CUBERTAS DE PABELLÓN DEPORTIVO DE XIL-MEAÑO” foi recepcionada o 22 de agosto de 2018. A recepción formalizouse nunha acta de recepción subscrita pola arquitecta técnica municipal D. Evangelina Veá Espiña, polo técnico director da obra D. José Antonio Sueiro Sueiro e en representación da empresa DEGALLE CONSTRUCCIONES, S.A. por D^a. Alia Piñeiro Fernández.

*Como vai a organización da futura festa do viño albariño?

Estase a traballar vendo distintos formatos e xa se tiveron diversas reunións cos bodegairos.

*Vaise a seguir mantendo (ou hai) un contrato de mantemento da rede eléctrica cunha empresa externa? Sabe o gasto que anualmente ou mensualmente se lle está a aboar a esta empresa? Non son suficientes os medios propios do noso Concello? Porqué?

Esas funcións serán asumidas polo operario de novo ingreso, sen prexuízo de que en momentos moi puntuais ou traballos moi específicos se poida acudir a unha empresa externa.

No período que se estivo acudindo a empresas externas foi porque efectivamente os medios persoais do Concello non resultaban suficientes para poder atender este servizo cunha calidade de prestación, ben pola carga de traballo doutros servizos e por falta de





Concello de Meaño

cualificación.

O importe destes servizos no ano 2019 ascenderon a 10.179,35 €

*Fixo ou vai facer xestións para mercar os terreos e afrontar as obras do campo de fútbol do XII?

Ao orzamento do 2020 o remito.

*Hai una partida nas súas resolucións na que se contrata un bufete de abogados, en concreto Garrigues, por importe de 7.260 euros. Esta contratación faise para defenderse do recurso que temos presentado pola votación secreta en urna para eleixir representantes na Mancomunidade. Certo?. Pois entón a este respecto quero preguntarlle que si estaba vostede tan seguro de que o que facía era legal, porque agora precisa dos mellores e mais caros abogados de Galicia?

Si. Esa apreciación de mellores e máis caros faina Vde. Desde o grupo de goberno e o Concello considerase que esa votación se fixo de xeito legal e a película a montaron Vdes e cando digo Vdes sabe a que Vdes me refiro.

Sr. Radio Oubiña

* Cal é a situación da axencia de lectura de Meaño a nivel dixital? Forma parte da rede de bibliotecas públicas?

O fondo bibliográfico está en formato físico. Forma parte da Rede de bibliotecas Públicas de Galicia dende que xurdiu esta figura o que permite acceder acceder as axudas anuais que convoca a Consellería de Cultura e turismo para dotación de novidades editoriais en galego.

* Pensouse nalgunha solución para a mellora do acceso ao colexio de Meaño? É un dos investimentos que se estima afrontar nesta lexislatura

* En que estado está o pozo (de Amparo) de Meaño, denunciado por unha veciña?

Douse traslado e coñecemento a Augas de Galicia

* Polo que se ve, só hai un aparcamento. Para cando unha plaza pública?

A pretensión e que cumpra as dúas funcións.

Sr. Ásperez Montes.

*Que ten pensado facer, e cal é a súa postura coa escola de música, unha vez coñecida a sentenza sobre o posto de traballo dos mestres.

Esa pregunta queda respondida co Plan de Estabilización do 2020 e que foi aprobada





Concello de Meaño

neste Pleno.

*Nas resolución da alcaldía do Pleno pasado, había sancións por importe de 7.500 €. Xa sabe a que corresponden (pregunta do Pleno pasado). Si seguimos sin resposta solicitaremos copias deses expedientes para coñecer as circunstancias e traballar en evitar que se repita.

De todas as maneiras, nestas resolución volta a reflexarse outra sanción de Augas de Galicia, e o número de expediente non se corresponde con ningún dos que xa coñecemos, e por importe de 2.000 €. É outro novo? Onde ?

Esa pregunta xa foi contestada

*Houbo unhas reclamacións contra as bases da convocatoria dunha praza de operario. Xa houbo resolución, entendo que foi dictada por parte do Sr Alcalde. Quen elabora os informes para concluír con esta resolución? Elaborouna a técnico medio de xestión adiministrativa, funcionaria municipal

En qué estado se atopa a convocatoria de dita praza?

O día 4 de febreiro celebrárase o segundo exercicio da fase de oposición.

Unha vez ocupada esta praza, será para ocupar a praza de electricista e poder evitar os gastos de mantemento que se pagan a outras empresas, ou voltará a ser o conserxe do colexio de Meaño?

As funcións desa praza son as que viña desenvolvendo o anterior titular, que entre outros servizos, viña facendo o alumeadado público.

*Que está a pasar cós escritos (rogos, preguntas ou petición de información) que temos sin contestar?

Iranse contestando coa maior delixencia que resulta posible.

*Hai una partida nas súas resolucións na que se volta a pagar ó bufete de abogados, en concreto Garrigues, por importe de máis de 3.000 euros. A que proceso xudicial corresponde este pago?

O importe máis similar o que Vde sinala e o de 3.630 que se corresponde ao 50% da asistencia xurídica nos recursos interpostos contra o acordo do Pleno de elección de representantes na Mancomunidade do Salnés.

*As axudas á natalidade están a concederse de maneira lineal sin ter en conta o nivel de ingresos máis que coma tope para non poder acceder a elas, e este tope é de 50.000€. Creemos debería ser escalonada ó considerar pola nosa parte inxusto, dar o mesmo a unha familia con recursos de por exemplo de 15.000 €, e que a outra de 45.000 euros. Seguen a estar consideradas coma subvencións?

Como dí a súa convocatoria teñen o carácter de axuda e elabóranse e concédense no marco normativo definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,





Concello de Meaño

os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003. Informáse deste aspecto os/as beneficiarias por obrigar a facer IRPF? Os cidadáns coñecen as súas obrigas fiscais, pero se o preguntan expresamente, si.

*O expediente xudicial de investigación das multas non cursadas dende o Concello en que punto se atopa? Que funcionarios ou responsables políticos, desta ou da anterior lexislatura están citados a declarar?

No Concello non constan os datos que solicita

*Porqué dende o Concello de Meaño non se nomeou a ningún dos aspirantes presentados, moitos deles sobradamente preparados e veciñas e veciños de Meaño, a praza de Xuíz de Paz? Será mellor escollida e cuberta dende Xunta?

En primeiro lugar sinalarlle que ao declinar a selección por parte do Concello será o Tribunal de Xustiza de Galicia a que designe e como di hai veciñas/os de Meaño presentados preparados para desenvolver este posto por esa razón considerouse que a sería máis axeitado que fose a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza quen elixira a persoa que considerará máis axeitado para ese posto.

*Cal é a débeda que a día de hoxe se mantén con Protección Civil de Ribadumia? Si é o caso como e cando se pagará? Como pretendemos contar con esta agrupación si mantemos unha débeda con eles?

O Concello de Meaño na actualidade non ten débedas co Concello de Ribadumia polo servizo de protección civil, aínda que se dubida que a taxa de aplicación sexa correcta porque aplicar unha tarifa pola participación de persoal que ten carácter de voluntariado resulta dubidosa.

*Na obra de contratación de mellora de pavimentación do camiño de Espiñeira a Carballoso, solicítase un informe ao atoparse na zona de protección de xacemento catalogado Petroglifos do Castro, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Respecto da obra de construción dun tanatorio en Dena, e en referencia a unhas informacións sobre poder estar preto dunha zona de Castros, solicitarase algún informe similar ou de Patrimonio? Farase algunha alegación a este proxecto dende o Concello.

Solicitaranse os informes sectoriais que determine a lexislación e que o persoal técnico considera como preceptivos.

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e preguntas; formulándose as seguintes:





Concello de Meaño

* Sr. Radío Oubiña

Rogos:

- No lugar da Igrexa en Cobas puxeron uns contenedores de vidro nun sitio estreito e estorba. Rogamos que se coloquen xunto aos outros.

Constesta o Sr. Alcalde que, ahí nese punto apareceron botellas tiradas no solo ó lado dos outros contenedores durante varios episodios por eso se determinou poñelo ahí, pero pódense trasladar para máis arriba. Sinala así mesmo o Sr. Alfonso Piñeiro que foi a falar cos veciños e en principio púxose ahí pero si ahí molesta búscaraselle outro sitio. As fotos que pasaron coas botellas eran alí.

- Xunto a Praza de Mercadena solicitamos máis vixilancia da policía local porque os coches aparkan en dobre fila veciños e provedores, impedindo o paso dos vehículos, cando a 100 metros hai un aparcamento. Ademais, vostede dixo que se ía abrir o aparcamento e non habería máis problema, e non está pasando.

Contesta o Sr. Alcalde que haberá que concenciar ós veciños para que utilicen a praza pública.

- A petición dun usuario, solicitamos máis control sobre os coches que ocupan a praza de tarxeta azul do aparcamento público, sen tarxeta. Ademais, frecuentemente, outros coches aparkan na zona non acondicionada coma praza de aparcamento, que se atopa ao lado, non respectando as distancias, o que dificulta e ata imposibilita meter ou sacar una cadeira de rodas do coche.

A petición deste usuario, deberían valorar a posibilidade de cambiar de sitio a praza de tarxeta azul, sacala do lado das escaleiras, que non poden usar, e poñela na primeira praza de aparcamento, entrando á dereita, xunto ao aparcamento de bicicletas, de maneira que a rampa de entrada e o paso de peóns lles quede máis cerca.

Contesta o Sr. Alcalde que o veran e si é mais viable trasladala.

- Controlar cos medios necesarios que non se obstaculice a visión na saída de Quintáns, na carretera que vai a Samieira. (coches aparcados, persoas reparando vehículos...). Contesta o Sr. Alcalde que ahí xa se puxeron uns pivotes, pero aínda así, o que é o arcén ocúpano casi practicamente na totalidade. Haberá que falar de novo con esa empresa e trasladarlle que non poden usar de xeito continuado o arcén.

- Xa solicitamos medidas para mellorar a visibilidade no cruce da Igrexa de Dena, pero os coches seguen aparcando no cebreado e ata no stop, o que dificulta a visión e supón un risco para a seguridade. O mesmo pasa no centro médico de Dena, onde pasa algo idéntico.

Contesta o Sr. Alcalde que sí, ahí hai unha saída a ambos lados, hai que poñer uns pivotes de seguridade viaria.





Concello de Meaño

- Rogamos que se repinte, coloque ou se tomen as medidas oportunas do sinal de STOP no cruce de Premedeirín.

- En Padrenda, o asfalto da carretera que une esta parroquia con Castrelo, está en mal estado debido ás riadas dos meses pasados. Pedimos que se inclúa o seu asfaltado e canalización da auga nas partidas de camiños.

Contesta o Sr. Alcalde, que si, meteron unha pala e xa abriron unha zanja porque a auga estaba por encima do asfalto e estaba desfacendo todo, abrimos por un lateral algo fixo aínda así sigue mal.

- Solicitamos un espello para o cruce de Abuín de Abaixo.

- Volvemos a pedir un espello en Meaño, na entrada á pista que vai dar ao punto limpo, fronte ao plátano.

- Revisión do estado do lavadoiro de Quintáns, que non ten auga. Igual ten algo obstruído porque o tubo é delgado.

- Revisión sobre todo alumado público.

Preguntas:

-Canto tempo leva a educadora familiar de baixa? En todo este tempo, quen se fixo cargo das súas funcións?.

Contesta o Sr. Alcalde que se fixo un reparto das funcións, asumindo a maior parte a traballadora social e a súa auxiliar.

-Cando se prevé cubrir esa baixa? A Por que non se fixo antes?

Contesta o Sr. Alcalde que se está neso. Replica o Sr. Radío Oubiña que desde marzo, casi un ano. E engade que non dubidan da profesionalidade das persoas que se encargaron das tarefas da educadora familiar, pero é evidente que se está sobrecargando a estas persoas de traballo. Iso provoca que os servizos non se poidan dar ao 100% da rentabilidade desexable. Non pasaría se houbera unha RPT e se contratase ás persoas cando se necesitan. Canto tempo dispón a diario a asistente social para facer informes para o RISGA, de dependencia, para menores,...? Alcalde: Pois teño que falar con ela, que me informe. Canto tempo diario ten de atención ao público? E visitas a domicilio?

No Plan de estabilización hai una provisión dun posto de auxiliar coordinador SAF (EXP.1172/2019), CALES SERÁN AS SÚAS FUNCIÓNS? QUE TITULACIÓN SE VAI SOLICITAR?. A asistente social é a que se encarga do SAF, non? Canto tempo lle leva xestionar ese servizo de xornada laboral a diario?. Cónstanos que os servizos sociais están saturados e o SAF ten unha sobrecarga de traballo e lle saca horas a outros servizos e funcións desta área que tamén son fundamentais. Xa tardan en empezar a buscar solucións.

- Por que non pode cobrar o director da BUMM dos 12.000 euros desde xaneiro e ten que esperar ata o novo curso que comeza en outubro?.





Concello de Meaño

Contesta a Sra. secretaria que por unha razón, o convenio segundo teño entendido, vai vinculado a máis actividades, o convenio non se pode aprobar ata que entre en vigor o presuposto. O presuposto ata marzo non vai a entrar en vigor, despois hai que aprobar o convenio, co cal estamos xa en abril. Esa é a razón non podería xustificar para atrás a realización destas novas actividades.

- Cal é o problema para cerrar o palco, como local de ensaio da BUMM?.

Contesta o Sr, alcalde que se precisaría tramitar unha modificación puntual do PXOM, coa vixente ordenanza co peche non se cumpriría a edificabilidade e ocupación.

- Dixo, noutro Pleno, que se comezou a tramitar a RPT. Poden explicarnos en que punto está?.

Contesta o Sr. Alcalde que chegou e a elaboración da RPT estaba parada e o contrato vencera. Retomouse o tema xa se tiverón reunións coa empresa que a está a elaborar e a mediados de marzo xa deberíamos ter un primeiro avance.

Como pensan facela? Se é por partes, a quen afectará a primeira parte?

Contesta o Sr. Alcalde, que elaborarán o documento que valorará os postos e o seu custo, terase que negociar e de ahí derivaranse un custo total que tamén haberá que ir vendo como asumilos.

Cómo se seleccionaron os postos a incluír/modificar; con que criterio?.

Contesta o Sr. Alcalde, que segundo lle explicou a empresa pola propia definición do contido dos postos.

Pasaron uns cuestionarios aos empregados, con que finalidade?.

Contesta o Sr. alcalde que para coñecer as peculiaridades de cada posto e engade que na Mesa de Negociación cos sindicatos e cos representantes dos traballadores asumiu o compromiso de acelerar este asunto.

- Que vai pasar no mes de agosto coa escola infantil? Vai pechase? Non? Que acordaron coas traballadoras en canto aos seus horarios? Cal foi o resultado da enquisa feita aos pais?.

Contesta o Sr. Alcalde que ás traballadoras lles gusta o actual horario. Coa enquisa coñecerase a preferencia dos pais, pasaráselles o resultado.

- Que beneficio lle reportou a súa visita a Fitur ao concello de Meaño? E de canto foi o gasto do Concello?.

Contesta o Sr. Alcalde que o gasto para o Concello foi o voo porque foi e veu no mesmo día e engade que cree que debemos estar alí e para próximas edicións preparar algo para presentar coa Mancomunidade.

– Ideas.





Concello de Meaño

Contesta o Sr. Alcalde, que hoube formatos de videos que si lle gustou; polo que se pode considerar para a vindeira edición.

- Resultounos curioso que o mesmo día e á mesma hora, o Concello programase dúas actividades en dúas parroquias do noso concello: a charla de servizos sociais en Meaño e o festival da Escola de Música en Dena. Pode explicarnos se existe competencia entre as distintas áreas, servizos, departamentos do concello? Non traballan todos coa mesma finalidade ou falta diálogo?.

Contesta a Sra. Estévez Barbeito que a data e hora da charla sobre saúde ven imposta pola Diputación e a Escola de Música xa tiña este acto programado polo que non é un problema de competencia senón unha casualidade máis ben, sempre se intenta que non cadren os eventos uns con outros en ningunha parroquia.

-A nosa agrupación cre fundamental para a seguridade dos peóns, como xa manifestamos en repetidas ocasión e ata presentamos una moción, que se remate a acera que vai ao Museo da Muller Labrega. Teñen pensado atender esa petición? En que punto está ese trámite?.

Contesta o Sr. Alcalde que xa comentou este tema co Servizo de Infraestruturas e parece que hai dispoñibilidade e bontade por parte do propietario, a partir de ahí valorarán.

- Como vai a organización da nova edición de De Tapas por Meaño? Díxosenos que a promoción comezaba a inicios do 2020.

Contesta a Sra. Estévez Barbeito que vai ben, datas previstas o 14, 15, 16, 17, 18, 20, 21 e 22 de marzo.

* Sr. Ásperez Montes.


-Respecto á RPT estaba contratada unha que venceu en outubro, a esa emprega non se lle pagou nada porque non. Prorrógase o contrato.

Contesta a Sra. secretaria que non se pagou porque non prestou o servizo contratado. Non se prorroga porque no contrato de servizos transcorrido o prazo extínguese. Hai que facer un novo.

- Hai distintos reparos nas resolucións da Alcaldía os referidos a modificación laboral dalgúns empregados do Concello a que fan referencia? Os referentes a dúas facturas Mas Prevención e Montajes Eléctricos del Salnés tamén a que se refiren eses reparos?

- Prevé elaborar unha normativa propia para os furanchos que exercen de furanchos tal e como veñen demandando dende fai tempo sendo ademais concello referente nese sector?

- Despois da inversión feita polo concello no pavillón de Meaño, ten intención de





Concello de Meaño

acometer outras a maiores para solucionar os problemas de condensación e auga que están a sufrir. Estas humidades e condensación causan danos no material instalado?

Contesta o Sr. alcalde que non, simplemente e que hai que andar limpiando continuamente porque se expande, hai que buscar unha solución nas clarabollas, pero temos a mala suerte de que está chovendo seguido e a empresa foi dúas veces arriba pero non solventou.

- Existe un rexistro do inventario de viais do Concello de Meaño actualizado. ¿Podemos consultalo?

Contesta o Sr. alcalde que si.

-Debe estar nas oficinas do Concello a disposición dos veciños a información relativa para consulta da Modificación Puntual Nº 2 do PXOM.

Contesta a Sra, secretaria que nas oficinas municipais mostrarase en formato papel.

- Foi trasladada polo Concello a aprobación por este Pleno da petición de actuación na estrada PO303?

Remitirase nos próximos días.

- Vanse a levar a cabo os compromisos adquiridos por vostede, de inversión, nos colexios de As Covas e de Coirón, que ía facer unhas xestións na Consellería de Educación.

Contesta o Sr. alcalde que tiveron unha reunión na Xefatura Provincial desta Consellería a que asistiu co directo do colexio e o secretario da ANPA e espuxeron as súas demandas entre elas o cambio da cuberta e viase a proceder ao cambio das luminarias. O tema de baños o Concello colaborará con persoal do Concello. O cambio da cuberta a Consellería asumea como competencia e preténdese incluír este colexio nun plan de eficiencia enerxética que engloba cambio de cuberta, cerramento exterior, etc..

- Fíxose unha referencia con motivo do Orzamento de pago ao Concello de Ribadumia pola intervención do servizo de Protección Civil, págase ao Concello de Ribadumia.

Contesta a Sra. secretaria que si porque o liquidan en concepto de taxa aínda que non está de acordo co contido deste liquidación porque se liquida por servizos de persoal que teñen o carácter de voluntario.

Imos a seguir contando con este servizo pagando ó Concello de Ribadumia ou será a través dunha subvención ou colaboración directa con esa agrupación?

Contesta o Sr. alcade que se estudiará algún tipo de convenio de colaboración con esta agrupación.

- Cal foi a empresa encargada de elaborar o calendario repartido dende o grupo de goberno do ano 2020 e cal é o seu custo?





Concello de Meaño

- É certo que se vai a cambiar a empresa que presta o servizo do SAF. A qué se debe, si é así? Sae a concurso esta cambio?

Contesta Sra. secretaria que hai que proceder a convocar unha nova licitación porque o actual contrato remata.

- Cal foi o resultado da medición nos distintos locais municipais do Radón? Cal foi o coste desas medición? Cales foron as medidas, canto foron rebasados os límites e si poden acceder ao informe.

* Sr. Forte Ásperez.

Toma a palabra o Sr. concelleiro, pola agrupación VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE (MI), D. Juan Forte Ásperez quen da lectura aos membros da Corporación do seguinte escrito

“ESCRITO DE RENUNCIA

D. **JUAN FORTE ÁSPERAZ**, con D.N.I. nº: 76.927.941-W, concelleiro da Corporación municipal de Meaño, electo pola lista AGRUPACIÓN DE ELECTORES VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE (MI), nas eleccións municipais de 26 de maio de 2019, ante la Corporación municipal de Meaño.

EXPOÑO:

Que por motivos persoais e laborais, que me impiden atender os deberes propios do cargo de concelleiro coa dedicación que tal responsabilidade supón, véxome no deber de presentar a miña renuncia ó cargo de concelleiro do Grupo Municipal MEAÑO INDEPENDIENTE (MI) que veño exercendo dende a miña toma de posesión na sesión constitutiva da Corporación Municipal celebrada el día 15 de xuño de 2019.

Por tal motivo, comunico á corporación municipal de Meaño ós efectos do disposto no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral e Instrucción da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2003 (BOE do 18/07/2003), co fin de que se proceda ó relevo mediante candidatos seguintes da lista pola que fun elixido.

SOLICITO:

Que tendo por presentado este escrito y por feitas as manifestacións contidas no mesmo, previos os trámites se procedan, sexa aceptada e tramitada a miña renuncia a dito cargo de **CONCELLEIRO DO CONCELLO DE MEAÑO**.

En Meaño a 31 de xaneiro de 2020

SR. ALCALDE-PRESIDENTE/A DEL AYUNTAMIENTO DE MEAÑO”

O Pleno da Corporación queda enterado da vacante producida no cargo de concelleiro na Corporación Municipal de Meaño, como consecuencia da renuncia ao cargo de concelleiro electo pola agrupación VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE





Concello de Meaño

(MI); correspondéndolle cubrir a vacante, ao ser a seguinte candidata da lista á que corresponde por orde de colocación, a D^a Estefanía Silva Silva, con DNI 77412347M.

Rematadas as intervencións e ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e dúas horas e dez minutos, estendéndose a presenta acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

